

## ***BASES 4º CONCURSO MUNICIPAL ESCOLAR DE RELATO CURTO “LOLO EN BICICLETA, POR NIGRÁN FAI VOLTERETAS”***

### ***1ª PARTICIPANTES:***

Poderán participar no concurso os alumnados dos centros de ensino de primaria do concello de Nigrán, que se detallan:

#### **Educación Primaria:**

- C.E.I.P Humberto Juanes (Nigrán)
- C.E.I.P Mallón (Nigrán)
- C.E.I.P Carlos Casares (Vilariño)
- C.E.I.P da Cruz (Camos)
- C.P.I. Arquitecto Palacios (Panxón)
- Colexio Ángel de la Guarda (Priegue)
- Colexio Estudio (Chandebrito)
- Colexio Educación Especial (Panxón)

#### **Educación Especial:**

- CEE Juan María de Parada.

### ***2ª TEMÁTICA:***

Esta edición do concurso está adicado ao libro de Carlos Casares, *Lolo anda en bicicleta*. Polo tanto, as/os participantes deberán presentar un relato curto cuxa temática xire arredor dunha historia ambientada en Nigrán, na que un neno e a súa bicicleta sexan os protagonistas.

### ***3ª OBRAS:***

Cada participante poderá presentar **un relato curto**, escrito en lingua galega, que debe ser orixinal e inédito e que non fose presentado con anterioridade noutros concursos, webs ou calqueira outro medio dixital ou impreso.

Deberán presentar os relatos en formato DIN A4, a dobre espazo e con letra Arial tamaño 12 pt. A extensión deberá estar comprendida entre 2 e 5 folios, inclusive.

Os participantes (a través dos seus país, nais ou titores legais) responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos sobre as obras presentadas ao concurso.

### ***4ª PRESENTACIÓN:***

As obras deberán adxuntarse en arquivo informático en formato PDF, sendo o nome do arquivo o mesmo que o do título da obra.

### ***5ª ENVÍO:***

As obras deben ser enviadas por correo electrónico ao seguinte enderezo: [concursocasaresnigran@gmail.com](mailto:concursocasaresnigran@gmail.com), indicando no asunto “4º Concurso de Relato Curto: *Lolo en bicicleta, por Nigrán fai volteretas*”.

O relato irá en formato PDF, sendo o nome do arquivo o do título do relato.

Xunto co relato enviarase un segundo arquivo en formato PDF, sendo o nome do mesmo “**DATOS**”, no que deben figurar os seguintes datos do autor/a: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, teléfono de contacto (co nome do titular), correo electrónico e centro educativo ao que pertence.

**6ª PRAZO DE ADMISIÓN:**

O prazo para enviar os relatos estará aberto **dende as 00:00 horas do día 15 de febreiro de 2026, ata as 23:59 horas do 29 de marzo de 2026**. Non se admitirán os presentados con posterioridade a esta data.

**7ª PREMIOS:**

Serán premiados os 5 mellores relatos, recibindo como premio un diploma e un lote de libros.

O resto de participantes recibirán un diploma acreditativo, en agradecemento pola súa participación no concurso.

Todos os premios e diplomas serán entregados na gala que se celebrará no Auditorio de Nigrán o **Sábado 11 de abril de 2026**.

**8ª FALLO:**

O fallo do xurado producirase con anterioridade á gala de entrega e farase público no decurso da mesma.

**9ª O XURADO:**

O xurado estará formado por tres persoas que serán un/unha escritor/a de recoñecido prestixio e dous representantes das entidades organizadoras, outorgando os premios atendendo a criterios de creatividade e calidade técnica.

**10ª DEREITOS DE AUTOR:**

Das obras presentadas a propiedade intelectual e autorías serán sempre do/a autor/a. A organización deberá facer constar en futuras reproducións impresas o por calqueira medio dixital o nome do/a autor/a.

**11ª ACEPTACION DAS BASES:**

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada una destas bases e do fallo inapelábel do xurado.